

RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DO PLAN ESPECIAL DE CREACIÓN DE SOLO URBANO INDUSTRIAL EN TRIACASTELA

Promotor e órgano substantivo: Concello de Triacastela

Expediente: 2021AAE2623

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a seguinte proposta:

ANTECEDENTES

1. O concello de Triacastela non dispón de planeamento xeral urbanístico. Actualmente atópase en tramitación o Plan básico municipal, que foi aprobado inicialmente mediante Resolución do 17.02.2021 da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DOG núm.44, do 05.03.2021).
2. O 11.11.2021 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello de Triacastela no que solicitaba iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do "Plan especial de creación de solo urbano industrial en Triacastela". Achegaba un borrador do plan e un documento ambiental estratéxico.
3. O 16.11.2021 este órgano ambiental requiriu ao Concello que emendase e completase a documentación e o 16.12.2021 recibíuse a documentación completa para poder iniciar a tramitación ambiental do plan.
4. O 16.12.2021 este órgano ambiental iniciou un período de consulta pública dos documentos recibidos a través do portal web e consultou ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. Nos concellos sen planeamento xeral ou que non contén con plan básico municipal, poderán formularse plans especiais que teñan por obxecto a execución de actuacións públicas para crear solo urbano con destino a usos industriais ou terciarios, conforme co disposto no artigo 70.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).
2. A LSG mais o Regulamento que a desenvolve (Decreto 143/2016 do 22 de setembro) integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
3. Debe ser obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada o planeamento de desenvolvemento urbanístico, por establecer o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión (artigo 46.2.b da LSG).
4. A LSG establece tamén (artigo 75.3.b) que o órgano ambiental, antes de emitir o informe ambiental estratéxico, consultará ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas; estas deberán pronunciarse no prazo máximo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).





A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características do plan


Obxecto: segundo a memoria xustificativa do borrador, *crear un solo urbano convenientemente ordenado que, sen alterar configuración física da rede de asentamentos rurais e coa menor afección posible sobre a paisaxe e a produción do sector primario, sexa capaz de albergar as iniciativas empresariais que poidan demandar solo no termo municipal, contribuíndo á diversificación económica, fixación de poboación e ao reequilibrio territorial.* A formulación do plan vén motivada pola inexistencia no concello de solo urbanizado destinado especificamente a actividades económicas industriais ou terciarias.

Ámbito de actuación: recinto de solo rústico situado na parroquia de Vilavella, ao leste do núcleo urbano de Triacastela (a menos de 800 m), no lugar de entronque da estrada autonómica LU-633 coa estrada municipal a Vilavella.

Superficie do ámbito: 14.033 m²

Alternativas: fronte a alternativa cero (non execución do plan), formuláronse dúas alternativas.

A alternativa 1 propón a creación dun viario interior para dar servizo a dúas ou tres plataformas dispostas no mesmo eixo que as curvas de nivel, nas que descansarían a media ladeira sendas edificacións de uso industrial; mentres que a alternativa 2 contempla o acceso dende a estrada de Vilavella, dispoñendo as parcelas de uso industrial apoiadas nesta.



Xustifícase a elección da alternativa 1 por conseguir unha mellor integración topográfica e manter os noiros existentes no perímetro do ámbito, xa que se reducen os movementos de terras necesarios para implantar as futuras naves e favorécese a conservación de masas arboradas existentes.





Proposta: defínese un ámbito de solo urbano con uso global industrial e establécese a súa ordenación detallada.

Proxéntanse varias plataformas para integrar as edificacións de xeito graduado na topografía. Preservaranse os noiros e o arborado existente nos bordos do ámbito, cara as dúas estradas, e incorporaranse zonas verdes, con especies arbóreas e arbustivas autóctonas, nos bordos do ámbito como protección visual.

O ámbito contará cunha vía interior que, enlazando coa estrada de Vilavella, dará acceso aos solos lucrativos e contará con percorridos peonís, prazas de estacionamento públicas e dous carrís de tránsito rodado. O enlace entre a estrada LU-633 e a estrada de Vilavella resólvese mediante un novo carril de incorporación en sentido Triacastela.

O borrador inclúe unha parte normativa co réxime de usos do solo e da edificación, as condicións xerais da edificación e as ordenanzas reguladoras, que, entre outras cuestións, limita a altura máxima das edificacións a 8 m e establece que deberá graduarse convenientemente segundo a pendente.

Para dotar de auga ao sector propónse a conexión coa rede de abastecemento municipal que transcorre pola estrada LU-633. En canto ao saneamento, prevese a implantación dunha rede separativa e a execución de dúas depuradoras, unha para as augas residuais e outra para tratar as augas pluviais antes de ser vertidas ao rego de Teixido (a través dunha conducción aberta ao longo da marxe da estrada a Vilavella durante uns 350 m e dun ramal soterrado posterior). Ademais, o ámbito conectarase ás redes de enerxía e de telecomunicacións existentes.

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O municipio de Triacastela localízase na comarca paisaxística do Courel, O Incio e Samos-Triacastela, incluída na grande área paisaxística Serras Orientais. O ámbito do plan sitúase nunha contorna rústica e con topografía irregular, características de todo o territorio municipal.

A zona de actuación linda coa estrada autonómica LU-633, principal vía de comunicación no municipio, e a estrada municipal de Vilavella. O asentamento de poboación máis cercano é o núcleo rural de Ramil (a uns 450 m ao suroeste), mentres que os núcleos de Triacastela (ao suroeste), Vilavella (ao leste) e Pasantes (ao sur) sitúanse aproximadamente a 1 km de distancia. Na contorna próxima atópanse unha subestación eléctrica, unha explotación gandeira e unha canteira.

A beira oposta da estrada autonómica constitúe o límite da zona de especial conservación (ZEC) "Os Ancares-O Courel" da Rede Natura 2000. O ámbito do plan está inserido na zona tampón da reserva da biosfera "Ribeira Sacra, O Courel e a Serra do Oribio".

O Camiño de Santiago, Camiño Francés discorre ao sur do ámbito, a uns 500m de distancia, quedando todo el dentro da área de amortecemento do Camiño. Non consta a existencia de ningún ben patrimonial catalogado dentro da zona de actuación nin na súa contorna próxima, os mais próximos identifícanse a máis de 500 m (Castro de Triacastela GA27062022 e o Castro de Lagares GA27062021).

O curso fluvial máis próximo é o río de Teixido, que discorre uns 130m ao norte e desemboca preto da vila de Triacastela no rego da Balsa, afluente do río Oribio. Todas






as canles do municipio están catalogadas como tramos de interese medioambiental ou natural no rexistro de zonas protexidas do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica do Miño-Sil.

O ámbito sitúase nunha ladeira descendente cara ao val do río Teixido con pendentes moderadas a fortes (>70% nalgún bordo), salvando un desnivel de 28m en 120m de lonxitude. Debido ao relevo zona, a cunca visual dende o ámbito está moi limitada, abrangendo parte do estreito val no que se insire e pequenas visuais longas dos altos que circuncidan o ámbito a norte, leste e suroeste.

No ámbito desenvólvese na actualidade un uso agropecuario extensivo, estando ocupado maiormente por prado e ringleiras de arborado autóctono nas zonas con maior pendente do bordo norte e zona oeste, con algúns exemplares de tamaño salientable.

En canto aos servizos urbanos, a rede de abastecemento municipal discorre pola marxe da estrada autonómica e non hai rede de saneamento. Pola contorna discorren varias liñas eléctricas de alta tensión que conflúen na subestación eléctrica próxima.



Afeccións ambientais

3. Período de consultas previas

Realizáronse as seguintes consultas previas á elaboración deste informe ambiental estratéxico:

	Resposta	Sen resposta
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo	x	
Instituto de Estudos do Territorio	x	
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	x	
Axencia Galega de Infraestruturas	x	

Asemade, o borrador do plan mais o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que o público en xeral puidese consultalos e facer observacións/suxestións de contido ambiental. Non se recibiu ningún comentario.





O promotor deberá considerar na elaboración do plan as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas. En todo caso, resúmense a continuación as principais cuestións formuladas.

Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo:

Recolle unha serie de cuestións que cómpre emendar na documentación (relativas a superficies e referencias catastrais, dominio público viario afectado, cadro de superficies de ordenación, sistema de actuación proposto ou respecto a intensidade edificatoria, normativa citada).

Require que se completen algúns aspectos nos planos, como a representación das zonas de aparcamento e o trazado e características dos elementos das redes existentes e novas do sector e enlaces exteriores (conducións de augas residuais e pluviais, conexión á rede de telecomunicacións, etc.) e outras cuestións documentais. No plano de zonificación acústica deberá terse en conta que todos os terreos do sector débense incluír en dous tipos de sectores acústicos: sector con predominio de solo industrial e sector afectado a sistemas xerais de infraestruturas de comunicacións (art. 5.1 RD 1367/2007).

Sinala que a reserva prevista nos terreos privados (zona industrial) na normativa do plan contempla a posibilidade de exención da dotación mínima fixada na ordenanza de zona industrial, o que pode contravir o establecido no artigo 42.2.c da LSG. No artigo 37.3 deberá atenderse ao establecido no artigo 76.3.1º do RLSG e determinación 4.8.11 das DOT en canto á preceptiva previsión de redes separativas.

É necesario aportar informe das empresas subministradoras sobre a suficiencia das infraestruturas e servizos existentes e previstos, a maiores do informe técnico municipal achegado (art. 185.2 do RLSG, 22.3 do RD 7/2015 e det. 4.7.3 e 4.8.13 das DOT).

Sinala que a liña límite de edificación deberá ser aprobada polo organismo competente, tendo en conta que segundo o catálogo de estradas a LU-633 figura como rede complementaria e remite ao cumprimento da normativa de estradas (artigo 23.4 da Lei 8/2013) en canto á cualificación dos terreos afectados polas liñas límite de edificación de estradas como sistema xeral viario, debendo revisarse a cualificación de parte dos terreos integrados nas dúas zonas de servizos previstas, parte dos terreos integrados nas zonas verdes e do vial interior proxectado, así coma a situación de instalacións indicadas na memoria xustificativa (centros de depuración etc).

Cuestiona a proposta de cualificar como "paseo peonil" a franxa de terreo "ZV-PP" prevista entre a zona industrial e a estrada de Vilavella xa que non semella viable coa configuración proposta (topografía modificada reflectida nos planos de ordenación) por presentar unha pendente media aproximada do 85 %.

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:

Sinala que, debido á orografía do terreo, dende o Camiño de Santiago non é visible o ámbito do plan e que os xacementos arqueolóxicos máis achegados (Castro de Triacastela GA27062022 e o Castro de Lagares GA27062021) están a máis de 500 metros, polo que non é previsible a afección de depósitos arqueolóxicos vinculados cos mesmos.

En todo caso, indica que é necesario completar a normativa do plan cun apartado específico para a protección do Camiño de Santiago Francés, incluíndo o réxime de





autorizacións e de intervencións na zona de amortecemento ou ben remitir ao articulado da lei (art. 39 e 47 da Lei 5/2016); e que se consideren na ordenación do plan os criterios e directrices recollidos na "Guía de boas prácticas para as actuacións nos Camiños de Santiago", publicada pola Xunta.

Instituto de Estudos do Territorio:

O plan especial terá unha incidencia significativa sobre a paisaxe provocada pola introdución dunha pequena zona industrial nun ámbito rural, non obstante o impacto da actuación quedará minimizado pola inserción topográfica, a disposición do viario, o emprego das zonas verdes e pola conservación do arboredo existente no perímetro, así como pola reducida superficie da actuación.

Sinala que o plan implica introducir nunha paisaxe agraria certas construcións que poden alterar a composición paisaxística e provocar efectos visuais negativos, se ben o alcance destes efectos será reducido pola vexetación existente e polas medidas de integración propostas.

Considera que o contido do estudo de paisaxe resulta completo e axustado ás características do ámbito, no obstante, ao establecer a ordenación detallada dun solo urbano, deberá incluírse un estudo da paisaxe urbana (art. 36 do Regulamento da lei de protección da paisaxe de Galicia). Así mesmo, como consecuencia da formación de plataformas produciranse diferencias de cotas notables, especialmente no bordo leste, e a documentación non explícita a solución empregada (formación de noiros ou introdución de muros de contención), polo que suxire medidas adicionais para favorecer á integración paisaxística. Suxire tamén consultar a *Guía de boas prácticas en intervención en espazos públicos* (dispoñible na páxina web desta consellería) que contén indicacións específicas para espazos industriais.

Axencia Galega de Infraestruturas:

O acondicionamento do acceso proposto no plan deberá adaptarse á normativa de estradas de aplicación (Regulamento xeral de estradas de Galicia e Orde do 23.05.2019) e incluír unha xustificación do seu cumprimento. Asemade, deberá incluírse unha análise da repercusión dos tráfico xerados polo desenvolvemento sobre a estrada autonómica LU-633.

A delimitación do ámbito do solo urbano deberá respectar o dominio público viario da estrada LU-633. Por outra banda, os terreos comprendidos entre as estradas e a liña límite de edificación cualificaranse como sistema xeral viario incluído no ámbito. Para grafar correctamente a liña límite de edificación atenderase ao artigo 102.2 do citado Regulamento, que determina que cando as distancias establecidas para a mesma queden incluídas dentro da zona de dominio público ou servidume a liña límite de edificación establecerase na liña límite exterior da zona de servidume.

4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

Con este plan especial preténdese crear unha pequena área empresarial, que se xustifica pola falta de solo urbanizado dispoñible no concello para implantar actividades industriais e terciarias.





O plan non establece o marco para a futura autorización de proxectos, máis alá dos necesarios para realizar as obras e implantar os usos autorizados.

O ámbito do plan emprázase nunha contorna rural con valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais, característicos de boa parte do territorio municipal. Malia o anterior, trátase dun ámbito de reducida dimensión (1,4 ha), situado nunha das áreas máis antropizadas do municipio (preto da capital municipal, dunha explotación mineira e dunha subestación eléctrica na que conflúen varias liñas eléctricas de alta tensión), que dispón de conexión co principal eixo de comunicación viaria (estrada autonómica LU-633) e, debido á configuración topográfica da zona, resulta pouco visible tanto dende o Camiño de Santiago como dende a estrada autonómica e os asentamentos próximos. Sendo así, e malia que o promotor non formula outras alternativas posibles de emprazamento, semella ser axeitada a localización elixida para a nova área empresarial (determinación 3.2.6 das DOT).

A actuación terá incidencia na paisaxe debido á implantación dun enclave industrial nun ámbito rural, non obstante os efectos negativos veranse minimizados pola reducida superficie da área industrial e polas medidas de integración paisaxística propostas (entre outras, inserción topográfica, disposición do viario, localización das zonas verdes e a conservación do arborado existente no perímetro). En todo caso, no bordo leste do ámbito a transición co solo rústico da contorna deberá resolverse mediante ribazos ou noiros vexetados; no caso de introducir un muro de contención, na súa construción deberanse empregar materiais con texturas que melloren a súa integración escénica e paisaxística ou, no seu caso, permitir certa revexetación que mitigue a súa presenza.

Aínda que o ámbito se atopa próximo ao límite dun espazo protexido da Rede Natura 2000 e dentro da zona da zona tampón dunha reserva da biosfera, non se agardan efectos significativos sobre os valores e os obxectivos de conservación destes espazos dada a superficie reducida da actuación e a ordenación proposta. Ademais, a normativa inclúe diferentes medidas respecto ao deseño e xestión das zonas verdes e das novas áreas axardinadas (conservación do arborado, uso de especies autóctonas, diversificación de hábitats, etc.) que resultan positivas para a integración ambiental da actuación na contorna.

Tampouco se prevén efectos sobre o patrimonio cultural, dada a inexistencia de elementos de interese na zona, nin sobre o Camiño de Santiago Francés, pois a actuación non resultará visible desde a súa traza.

Os servizos técnicos municipais informaron de que o sistema de abastecemento de auga municipal conta con caudal e capacidade suficientes para dar servizo á nova área empresarial. No caso do saneamento, prevese a instalación de dúas depuradoras para tratar as augas residuais e as pluviais de xeito independente. Tendo en conta que todas as canles do municipio están catalogadas como tramos de interese medioambiental ou natural no rexistro de zonas protexidas do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica do Miño-Sil, calquera alteración nas condicións de vertido podería supoñer unha potencial afección ao medio hídrico, o que require dun adecuado deseño das infraestruturas que garantan que os efluentes cumpran cos límites ambientais establecidos legalmente.

Malia que a área empresarial implicará un incremento do tráfico na estrada autonómica vinculado ás actividades que se implanten, non se prevé que resulte significativo debido





ao pequeno tamaño da área. En todo caso, de acordo co indicado pola Axencia Galega de Infraestruturas, o plan deberá incorporar o correspondente estudo de tráfico. Por outra parte, a liña límite de edificación invade parte das zonas cualificadas como zona verde, servizos e viario, que se corresponderían cos terreos que constitúen o sistema xeral viario segundo a normativa de estradas.

A proposta prevé a creación de itinerarios peonís e a súa integración nas zonas verdes e espazos libres. Cómpre sinalar que, a cualificación da zona verde situada entre a zona industrial e a estrada de Vilavella como paseo peonil (ZV-PP) non semella apropiada, dada a elevada pendente dos terreos.

En conclusión, non cabe esperar que se produzan efectos ambientais adversos significativos como consecuencia do desenvolvemento do plan, no entanto, a proposta deberá integrar as determinacións que se concretan de seguido.

PROPOSTA

Tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade cos criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o “Plan especial de creación de solo urbano industrial en Triacastela”. No entanto, establécense as seguintes **determinacións**:

- O plan deberá conter un estudo da paisaxe urbana proporcionado á entidade da ordenación (artigo 36 do Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia).
- No bordo leste do ámbito a transición co solo rústico da contorna deberá resolverse mediante ribazos ou noiros proxectados; no caso de introducir un muro de contención, na súa construción deberanse empregar materiais con texturas que melloren a súa integración escénica e paisaxística ou, no seu caso, permitir certa revexetación que mitigue a súa presenza.
- Debe garantirse o abastecemento de auga, o saneamento de augas residuais e a xestión das augas pluviais conforme a criterios de sustentabilidade e á planificación hidrolóxica (determinación 4.8.9 das DOT). Para que organismo de cunca poida avaliar a viabilidade da actuación no informe sectorial preceptivo (det. 3.1.5.g das DOT e art. 25.4 do Real decreto legislativo 1/2001), o plan deberá reflectir de maneira precisa a orixe da auga para abastecemento (incluído a referencia á concesión correspondente), a previsión de consumo para os distintos usos conforme co disposto no apéndice 8 da normativa do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica do Miño-Sil, así como unha previsión do caudal de augas residuais que se vai xerar, punto de vertido previsto e definición das instalacións de depuración a implantar, de forma que, ademais de admitir con garantías as augas residuais que se xeren, se cumpran as normas vixentes de calidade das augas do medio receptor.
- A ordenación deberá respectar a liña límite de edificación das estradas que limitan co ámbito, debendo cualificarse como sistema xeral viario os terreos interiores do sector afectados (art. 23.4 da Lei 8/2013 de estradas). Así mesmo, revisárase a cualificación dos terreos integrados nas dúas zonas de servizos previstos, nas zonas verdes e do viario interior proxectado, así como a situación de instalacións indicadas





na memoria xustificativa (centros de depuración, etc.), de acordo co indicado pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e a Axencia Galega de Infraestruturas.

- En canto á mobilidade, deberá incluírse unha análise da repercusión do tráfico que xerará o desenvolvemento industrial sobre a estrada autonómica LU-633. Revisarase a cualificación como paseo peonil (ZV-PP) da franxa de terreo situada entre a zona industrial e a estrada de Vilavella, atendendo á elevada pendente dos terreos.
- Incluirase un apartado específico na normativa do plan para a protección do Camiño de Santiago Francés, incluíndo o réxime de autorizacións e de intervencións na zona de amortecemento ou ben remitindo ao articulado da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Na ordenación do ámbito teranse en conta os criterios e directrices da *Guía de boas prácticas para as actuacións nos Camiños de Santiago*.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Carmen Paz Cornes

Juan Manuel Camiño Soto

Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental
de Plans e Programas

Subdirector xeral de Avaliación Ambiental

De acordo coa proposta anterior, RESOLVO:

Non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o “Plan especial de creación de solo urbano industrial en Triacastela” posto que non se prevén efectos ambientais significativos, non obstante, adoptaranse as determinacións que se indican na proposta transcrita.

Esta resolución farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>), e remitirase ao Concello de Triacastela xunto con copia dos escritos recibidos na fase de consultas previas.

Segundo o disposto no artigo 35.2.c da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o plan no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. En todo caso, o órgano ambiental poderá acordar unha prórroga da vixencia do dito informe ambiental estratéxico por outro prazo máximo de dous anos, tras solicitude formulada polo promotor antes do transcurso do prazo sinalado

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación do plan especial (artigo 31.5 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos

Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

